

# Quero matricularme na EOI

Guía rápida para saber

1. qué facer
2. qué prazo
3. qué tramites

Selecciona a túa situación en cada un dos apartados para avanzar.

Caso de estar matriculado en máis de unha lingua, repite o proceso para cada unha delas.

Información proporcionada a título orientativo:

se tes dúbidas, pregunta na conserxería ou na secretaría do centro.

Preparado para comezar? [preme aquí.](#)

# Escolle a afirmación que describe a túa situación.

- ▶ Nunca estiven matriculado nunha Escola Oficial de Idiomas. [Escoller esta opción.](#)
- ▶ No curso 2014–2015...
  - ... estiven matriculado como alumno oficial (ou no *That's English!*) nesta EOI e aprobei o curso. Quero matricularme para continuar no nivel seguinte. [Escoller esta opción.](#)
  - ... estiven matriculado como alumno oficial nesta EOI e quero matricularme para comezar a estudar unha nova lingua. [Escoller esta opción.](#)
  - ... estiven matriculado como alumno oficial nesta EOI e teño que presentarme á convocatoria de setembro. Unha vez pasada a convocatoria de setembro, escolle a resposta que mellor se adapte ao teu caso.
  - ... estiven matriculado como alumno oficial nesta EOI pero renunciei á matrícula. [Escoller esta opción.](#)
  - ... estiven matriculado como alumno oficial pero anuláronme a matrícula. [Escoller esta opción.](#)
  - ... estiven matriculado como alumno libre e quero matricularme como alumno oficial. [Escoller esta opción.](#)
  - ... estiven matriculado noutra EOI e quero matricularme na EOI de Vilagarcía para o curso 2015–2016. [Escoller esta opción.](#)
  - ... non estiven matriculado en ningunha EOI, a derradeira matrícula foi na EOI de Vilagarcía. [Escoller esta opción.](#)
  - ... non estiven matriculado en ningunha EOI, a derradeira vez estiven matriculado noutra EOI. [Escoller esta opción.](#)



# Comezar a estudar unha lingua:

- ▶ Vou comezar en básico 1. [Escoller esta opción.](#)
- ▶ Voume matricular nun curso superior ao nivel básico 1 porque:
  - fixen un proba de clasificación nos últimos dous cursos e sei en qué nivel matricularme. [Escoller esta opción.](#)
  - teño unha titulación ou certificado que acreditan os meus coñecementos. Comproba [nesta lista](#) a qué curso dan acceso as titulacións. (O acceso é unicamente para o nivel indicado, non para calquera outro inferior). [Escoller esta opción.](#)



# Acceder como alumno novo ao nivel básico 1

- ▶ Debes preinscribirte no prazo que abrangue do 26 de xuño ao 9 de xullo.
- ▶ Emprega a aplicación de preinscrición en liña. É única para todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia.
  - [Ver información detallada sobre o proceso de preinscrición.](#)
- ▶ Pon moito coidado e asegúrate de encher correctamente todos os datos. Lembra incluír un número de móbil. Poderás modificar as túas peticións tantas veces como queiras ata o 9 de xullo.
- ▶ Haberá un prazo extraordinario, do 20 de xullo ao 14 de setembro, para as persoas que desexen preinscribirse despois da primeira adxudicación.
- ▶ Haberá adxudicacións de prazas o 10 de xullo, o 15 de setembro e o 25 de setembro. Deberás comprobar se obtés praza despois de cada unha das adxudicacións para te matriculares no prazo que segue a cada unha delas. De non facelo, ofrecerase a praza a outra persoa.
- ▶ Unha vez admitido, continúa co proceso de matrícula.
  - [Lévame á aplicación de preinscrición.](#)
  - [Quero comprobar se estou admitido.](#)
- ▶ Se non obtés praza en ningunha das adxudicacións, pasas automaticamente a unha lista de agarda.
- ▶ Caso de haber prazas dispoñibles, avisarémoste mediante unha mensaxe ao móbil a partir do 5 de outubro.
- ▶ Se non hai prazas, non recibirás ningunha mensaxe.
- ▶ Comproba [a documentación que precisas.](#)



# Accede como alumno antigo ou a un nivel distinto de básico 1

- ▶ Debes preinscribirte no prazo que abrangue **do 26 de xuño ao 14 de setembro**.
- ▶ Emprega a aplicación de preinscrición en liña. É única para todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia.
- ▶ Pon moita atención: **enche correctamente todos os datos**. Lembra incluír un número de móbil. Poderás modificar as túas peticións tantas veces como queiras ata o 14 de setembro.
- ▶ A adxudicación de prazas é o **15 de setembro**.
- ▶ Deberás comprobar se obtés praza na mesma web que te preinscribiches e matricularte na ligazón que che aparece. Non esquezas entregar a documentación do 16 ao 24 de setembro. De non facelo, ofrecerase a praza a outra persoa.
  - [Ver información detallada sobre o proceso de preinscrición.](#)
  - [Lévame á aplicación de preinscrición.](#)
  - [Quero comprobar se estou admitido.](#)
- ▶ Se non obtés praza na primeira adxudicación, haberá outra o **25 de setembro** se hai prazas libres. [Comproba se estás admitido e matricúlate.](#)
- ▶ De non obter praza nesta derradeira adxudicación, pasas automaticamente a unha lista de agarda:
  - **De haber prazas dispoñibles**, avisámoste mediante unha mensaxe ao móbil a partir do 5 de outubro.
  - Realizaremos todos os chamamentos que sexa preciso ata completar prazas.
- ▶ **Comproba a documentación que precisas:**
  - [Nunca estiven matriculado nesta Escola.](#)
  - [Estiven matriculado nesta EOI.](#)



# Matricúlate para continuar os teus estudos

- ▶ Prazo:
  - do 29 de xuño ata o 17 de xullo (preferente)
  - Do 1 ao 7 de setembro.
- ▶ Canto antes formalices a túa matrícula, máis opcións para escoller caso de haber varias posibilidades para o teu nivel.
- ▶ Pasos:
  - accede a [CentrosNet](#), e identifícate.
  - selecciona o grupo no que queres matricularte.
  - A matrícula confírmase unha vez entregas a documentación na secretaría da EOI nos prazos arriba indicados.
- ▶ [Comproba a documentación que debes entregar](#). Lembra facelo en prazo e forma para non perderes a praza.
- ▶ Se foches alumno de *That's English!* neste curso, debes pórte en contacto coa secretaría da EOI antes do proceso que se describe.
- ▶ Tamén poderás matricularte, se quedan vacantes, unha vez rematados os prazos das outras quendas (30 de setembro).



# Documentación antigo alumno

- ▶ Para todos os casos:
  - Resgardo xerado pola aplicación (2 copias)
  - Folla de liquidación de taxas ou documentación que xustifique a exención ([comproba aquí os casos](#))
- ▶ Se estudas 3º ou 4º da E.S.O., debes traer [este documento](#) cuberto polo instituto.
- ▶ Se téis unha discapacidade física, e non solicitades adaptación en cursos anteriores, enche e entrega [este modelo](#) xunto coa documentación xustificativa.
- ▶ Se a persoa matriculada é menor de idade, deberá entregarse o protocolo de comunicación de faltas de asistencia cuberto e asinado pola persoa titora, pai ou nai. [Acceder á documentación](#).




# Documentación alumno novo

- ▶ Para todos os casos:
  - Resgado xerado pola aplicación (2 copias)
  - Folla de liquidación de taxas ou documentación que xustifique a exención ([comproba aquí os casos](#))
  - Dúas fotografías tamaño carné.
  - Carné de estudante. Tamén empregado na biblioteca. Recólleo na conserxería para encher os datos
- ▶ Se estudas 3º ou 4º da E.S.O., debes traer [este documento](#) cuberto polo instituto.
- ▶ Se téis unha discapacidade física, enche e entrega [este modelo](#) xunto coa documentación xustificativa.
- ▶ Se a persoa matriculada é menor de idade, deberá entregarse o protocolo de comunicación de faltas de asistencia cuberto e asinado pola persoa titora, pai ou nai. [Acceder á documentación](#).





# Calcula a taxa que tés que pagar



- ▶ É importante que prestes atención e enchas correctamente os datos na aplicación de matrícula para que a taxa se calcule correctamente.
- ▶ [Comproba nesta ligazón cales son as reducións e exencións e como xustificalas.](#)



# Exención de taxas. Como xustificala.

- ▶ Bolseiro (gratuíta):
  - Resgardo de ter solicitado bolsa ou credencial de que lle foi concedida.
- ▶ Familia numerosa (categoría xeral: pagas o 50% , categoría especial: gratuíta):
  - Título ou carné de familia numerosa vixente.
- ▶ Discapacidade superior ao 33% (gratuíta):
  - Certificado ou resolución sobre o grao de discapacidade.
- ▶ Funcionarios dos corpos docentes. (Gratuíta agás apertura de expediente e servizos xerais, e unicamente en materia de nova matriculación):
  - Certificación de estar en servizo activo expedido pola unidade de persoal da Xefatura Territorial correspondente.
- ▶ Vítima de actos terroristas (gratuíta).
  - Ver o decreto que se indica máis abaixo.
- ▶ Vítima de violencia de xénero (gratuíta).
  - Ver o Decreto indicado máis abaixo.
- ▶ Lexislación aplicable: [Decreto 89/2013, do 13 de xuño \(D.O.G. do 17\).](#)

